

ACTIVIDADES REALIZADAS DENDE O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

ESCOLA DE CIRCO, TEATRO E MALABARES

Levarase a cabo dende xaneiro a xuño. Realizaranse prácticas de malabarismos, moniclos e demais actividades que compoñen o mundo do teatro circense. Actividade gratuíta. Persoas destinatarias: poboación lucense entre 13 e 30 anos.

IV CURSO DE BAILE

Terá unha duración aproximada de 4 meses, entre marzo e xuño. Actividade gratuíta para mozos a mozas lucenses entre 12 e 25 anos

II CURSO DE BAILE DE VERÁN

Por segundo ano consecutivo durante o mes de xullo, faremos un curso intensivo de baile. Actividade sen custo. Celebrarase no Centro de Convivencia Díaz Castro. Destinarase á poboación entre 12 e 35 anos.

V CURSO DE FORMACIÓN DE MEDIADORES E MEDIADORAS XUVENÍS DE PREVENCIÓN DE DROGAS

Levarase a cabo a partir de abril e sen custo para os estudantes interesados.

BREAK-DANCE

A partir do mes de abril. Actividade gratuíta destinada á poboación entre 12 e 30 anos.

SÁBADOS +XTÍ

Actividade para a mocidade lucense entre 12 e 16 anos. Lévese a cabo os sábados dende as 18:00 ata as 22:00 horas na discoteca BOE, dende setembro ata o vindeiro mes de maio. Esta actividade ten un custo de 3 euros cada sábado en concepto de entrada, na que vai incluída unha consumición (refresco, zume ou auga). Para máis información desta actividade www.maisporti.blogspot.com. Asíciase chamando ao 010.

Para calquera dúbida destas actividades poden chamar ao **982 297 498**



ACTIVIDADES REALIZADAS DENDE O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS en colaboración con outros servizos da CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

OCIO INTERXENERACIONAL

Trátase de saídas e excursións que se celebran tanto no inverno como no verán. Proxecto feito en colaboración coas educadoras familiares do programa de intervención familiar (PIF). Actividade dedicada ás familias de carácter gratuíto.

+info:  **982 297 664**
982 297 854

III ENCONTRO DAS CULTURAS

Do 22 ao 28 de marzo. Trátase de dar a coñecer a cultura tradicional doutros países aos nosos veciños e veciñas. De carácter aberto e gratuíto.

+info:  **982 297 666**

ACTIVIDADES REALIZADAS en colaboración coa CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

MAX

(Movida alternativa xuvenil) Actividade gratuíta destinada á poboación entre 14 e 35 anos.

CURSO DE PRODUCCIÓN MUSICAL

Actividade gratuíta.

ACTIVIDADE DE GRAFFITI e DJ'S.

Actividade gratuíta. Máis información na Concellería de Xuventude

+info:  **982 297 496**

PUNTO DE INFORMACIÓN XUVENIL E COMUNITARIO

O dito punto de información sitúase no barrio de Lamas de Prado, na praza do Castiñeiro. Pero, ¿que facemos no punto xuvenil e comunitario?:

- Bríndase apoio escolar a rapaces e rapazas tanto de primaria como da ESO
- Apoio escolar a persoas maiores de idade que están a sacar o título da ESO por libre.
- Elaboración da revista Planeta 13, que está feita por rapaces e rapazas do barrio
- Aténdense peticións da veciñanza, resólvense algunhas dúbidas acerca de trámites burocráticos

Do mesmo xeito durante os meses de verán, faranse actividades ao aire libre como

- Xinkanas e actividades varias na praza do Castiñeiro

Está aberto de luns a venres en horario das 17:00 ás 20:00 horas. Todas estas actividades teñen un carácter gratuíto

+info:  **982 214 033**

Para máis información 010